



Asistentes

**Patrón Maior**

Daniel Castro Fernandez

**Vice Patrón Maior 1º**

Jesus Castro Fernandez

**Vocais**

Ramon Vilela Ferio

Fco. José Castro Fernández

Jose Vilela Carlin

Lucas Toba Carrera

Manuel Valencia Filgueira

Manuel R. Vilela Carlin

Lema Marcote, Jose Manuel

**Secretario O.G:**

N.Castro Fernandez

**CONFRARIA DE PESCADORES DE MUXIA**

PORTO PESQUEIRO SN

15124 MUXIA - A CORUÑA -

cvbarca@infonegocio.com

981742039 FAX 981742477

En Muxía sendo as 12h00 do Sábado día 10 de Abril do 2010 na sala de Xuntas da Cofradía, previamente convocada ó efecto, reunese o Cabido en sesión ordinaria,

Sendo a, **ORDE** do día a seguinte:

1. Solicitude Asistencia Xurídica a Avogada adscrita a Federación Galega de Confrarías de Pescadores, para que represente formalmente no xulgado a Confraría de Muxía en proceso monitorio ante o Xulgado de Corcubión.
2. Expor o cabido da Confraría o proxecto de Bateas que se instalarían na dársena de Merexo coa participación das Confrarías de Muxía e Camariñas.
3. Nomear Instructor dos procedementos que se teñan que levar a cabo nun futuro no proceso de reclamación de débedas que se está a celebrar nesta Confraría a Jesús Maria Sar Barrientos, persoal laboral desta Confraría.
4. Implantación dunha única cota anual para as Agrupacións Sectoriais que se devengará antes da elaboración do Plan de Explotación correspondente e con data límite do 31 de Outubro.
5. Ocupación da nave de lavado de Caixas da Lonxa por un armador da Confraría.
6. Fixación de Cota Mensual para o pantalán de 3º Lista
7. Informe a Consellería do Mar das accións que está a levar a confraría no proceso de reclamación de débedas, tal como se acordou en reunión celebrada nesta Confraría con técnicos da Consellería do Mar.

**RESOLUCION**

- Acordase formalmente facer a solicitude a Federación Galega de Asistencia Xurídica no proceso de reclamación de débedas.
- A executiva da Confraría mostra o interese no proxecto coa sinatura da presente acta.
- Resolve nomear instructor a Jesus Mª Sar Barrientos segundo o establecido no Decreto 261/2002 e no artigo 81.3 dos Estatutos desta Confraría. O Patron Maior incoará os expedientes.
- Implantar a cota única anual no seo das Agrupacións Sectoriais co fin de garantir que esta se cobre evitando a morosidade. Si estas non se satisfacen non se incluíran os morosos no plan de explotación correspondente.
- Pantalán 3ªLista: Fixación de Cota Mensual para embarcacións de terceira lista en cuantía de 6€/mes, esixindo que o interesado esté o corrente de pago coa confraría e domicilie o pago da mesma en entidade bancaria. O proceso de asignación de prazas farase mediante sorteo.
- Comunicar a Consellería do Mar as accións realizadas ata o de agora en canto a reclamación de débedas.

**CERTIFICACIÓN**

E non sendo outro o motivo da reunión levantase a presente acta que asignan os presentes, xunto co Patrón Maior e o seu Secretario que **CERTIFICO** no lugar e data arriba indicados.

O Patrón Maior

O Secretario

Vocais

The block contains several handwritten signatures in black ink. On the left, there is a large signature for the Patron Mayor. In the center, there are several smaller signatures, some of which are partially obscured or overlapping. On the right, there is a signature for the Secretary and another for a member of the confraternity. The signatures are written in a cursive, somewhat stylized script.